NADAL 2011

MUSEO PROVINCIAL DO MAR

San Cibrao

DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA

Cultura e Turismo

REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO
MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA
MUSEO PROVINCIAL DO MAR
PAZO DE TOR

CAMPAMENTOS DE NADAL 2011-2012

"Nadal nos museos nun mundo cambiante. Novos retos , novas inspiracións.."
(Lema do ICOM para o ano 2012)

Para o ano 2012 o lema escollido polo ICOM para celebrar o *Día Internacional dos Museos* será "Museos nun mundo cambiante. Novos retos, novas inspiracións".
Hoxe en día, o mundo cambia efectivamente máis rapidamente que nunca e as novas tecnoloxías ofrécennos novas ideas e posibilidades. Dende a Rede Museística queremos despedir o ano e iniciar o novo lembrando que levamos tempo traballando inspirados por ese lema, conectándonos á comunidade mediante os oficios, as novas tecnoloxías e, en conclusión, intentando intercambiar o pasado co futuro.

Ronsel de futuro
Un Nadal con moitos cambios que pretende, seguindo o lema do ICOM, que o novo ano permita aos visitantes interrogarse en canto ao papel dos museos nunha nova sociedade donde constantemente nacen novos medios de comunicación, e descubrir ou redescubrir como os museos da Rede se interesan polo futuro en termos de desenvolvemento sostible.

Todas as actividades incluídas neste programa potencian novas capacidades cognitivas:
- -Aprender a coñecer
- -Aprender a ser
- -Aprender a vivir xuntos
- -Aprender a facer

E sobre todo: EMOCIÓN, a importancia da emoción e o asombro na arte de medrar
E unha morea de actividades: Peza sorpresa de Nadal na Rede, Visitas guiadas gratuítas, Itinerario femenino no Nadal...
Videoproxecións durante todo o Nadal sobre o APALPADOR.

HISTORIAS DO MAR DE LUGO: LUGO TEN MAR

A Mariña de Lugo ten un litoral que comprende oito concellos e máis de 100 km de costa cunha importante tradición mariñeira construída ao longo dos séculos.
Neste Nadal coñeceremos a historia do mar de Lugo e a partir de aí introduciremos imaxes e contidos multimedia sobre *O Mar de Lugo* para realizar un traballo plástico no que se utilizará a técnica do *suminagashi*.

OBRADOIROS

Os días 30 de decembro e 7 de xaneiro, de 11 a 14 horas e de 16 a 18 horas, realizaremos varios obradoiros deseñados, pensados e recomendados para todas as idades (nenos e nenas, pais e nais, avós e avoas..., todos xuntos como na vida): vídeo-arte, códigos QR, xogos de realidade alternativa, programas de radio ou *suminagashi* (papeis tinguidos ou pintados por flotación).

INICIATIVAS SOLIDARIAS

Xoguetes solidarios
En colaboración coa Cruz Vermella e con outras organizacións recollemos xoguetes nos museos da Rede para facérllelos chegar a aqueles nenos e nenas que máis os necesitan.

Contra a Fame en África
Súmate á campaña de ideas que ten por obxectivo recadar 90 millóns de euros en 90 días para destinalos integramente a proxectos para combater as urxencias do corno de África, e que executarán ONGs de recoñecida traxectoria e reputación. Máis información:
http://es.ideas4all.com/static/es/90mn90d.html /
http://www.90mn90d.com

OUTRAS PROPOSTAS

Teatro
Sábado 14 de xaneiro, ás 18:00 horas
Representación da obra "A barbería do Pallarego" polo Grupo de Teatro Infantil *Érase unha vez*..., de Mondoñedo.

Obradoiro de Fotografía para cegos
(DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE 2011)
Imparten **Encarna Lago**, xerente da Rede Museística, unha terapeuta e varios fotógrafos lucenses.
Inscrición: Departamento de Didáctica do MPLugo. O 3 de xaneiro de 2012 ábrese o prazo para inscribirse neste obradoiro. As datas de realización fixáranse en función do número de demandantes.

Teatro inclusivo
(DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE 2011)
12 de xaneiro, ás 19:30 horas. Representacións da obra "O médico a paos" polo grupo de teatro **Pinchacarneiro**.

NOTA IMPORTANTE

O prazo de inscrición para as actividades que o requiran considérase aberto a partir do anuncio desta convocatoria nos medios de comunicación habituais e na web da Rede Museística e ata que se cubran as prazas previstas no seu caso por rigorosa orde de inscrición. Matrícula gratuíta.

Horarios de visita (de outubro a maio)

Museo Provincial do Mar
Martes a sábado:
Mañás de 11:00 a 14:00
Tardes de 16:00 a 19:00
Domingos e festivos:
Mañás de 11:00 a 14:00
Luns pechado

O Museo permanecerá pechado os días 1 de xaneiro (Aninovo) 22 de Maio (Santa Rita), 24, 25, 31 de decembro.

Entrada gratuíta

Museo Provincial do Mar
Avenida da Mariña s/n
San Cibrao
27890 Cervo (Lugo)
Tfno.: 982 594 572 /
museodomar@museolugo.org
www.museolugo.org